## 1) Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36011634 | IES Politécnico de Vigo | Vigo | 2023-2024 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| ZM17002 | Mantemento e Servizos á produción | CS17004 | CS Prevención de Riscos Profesionais | Superior | PROBA LIBRE |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración

| Código | Nome | Curso | Sesión semanas | Horas anuais | Sesión anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| | **XESTIÓN DA PREVENCIÓN** | **1º** | **8** | **230** | **276** |

### Profesorado responsable

| Profesorado asignado ao módulo | Eva Piña Rodríguez |
|---|---|

## 2) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### a) Primeira parte da proba

#### i) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| ▪ RA 1- Interpretar o marco legal vixente en prevención de riscos. |
| ▪ RA 2 - Distinguir os elementos básicos do ámbito da prevención de riscos |
| ▪ RA 3 - Analizar e desenvolver os procesos básicos de produción de bens e servizos, relacionando a súas fases, operación e as materias que interveñen, e desenvolvendo a información que posibilite a prevención de riscos en proceso. |
| ▪ RA 4 - Analizar a estrutura organizativa e funcional da empresa identificando os departamentos internos e os representantes dos traballadores, así como os organismos públicos e entidades, con competencias en prevención de riscos. |

| |
|---|
| ▪ RA 5 - Relacionar os factores de risco das condicións de traballo e as técnicas preventivas para a súa mellora, en función das posibles agresións para a seguridade e a saúde, presentes no ámbito laboral. |
| ▪ RA 6 - Aplicar as actuacións e documentación que se requiren na metodoloxía para a recollida de datos referentes á avaliación de riscos, así como aos accidentes, incidentes e enfermidades profesionais. |
| ▪ RA 7 - Valorar o significado e utilización das auditorías de seguridade e ambientais no contexto da actividade industrial |

**ii) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| ▪ CA 1 Utilizáronse as fontes básicas de información en materia lexislativa nacional e internacional sobre prevención de riscos. |
| ▪ CA 2 Identificáronse os factores de risco derivados das condicións de traballo. |
| ▪ CA 3 Diferenciouse o significado da prevención e da protección no  ámbito da prevención de riscos laborais. |
| ▪ CA4 Asociáronse os factores de risco coas técnicas preventivas de actuación. |
| ▪ CA 5 Recoñecéronse as técnicas preventivas para a mellora das condicións de traballo. |
| ▪ CA 5 Describíronse os diferentes órganos de representación na empresa en materia de prevención. |
| ▪ CA 6 Coñecéronse os diferentes órganos e institucións europeas e españolas relacionadas coa prevención. |
| ▪ CA 7 Distinguiuse, en razón de súa causa, os termos de accidente e incidente. |
| ▪ CA 8 Establecéronse as relacións dos danos cos factores de risco debidos a condicións de traballo deficientes. |
| ▪ CA 9 Establecéronse as diferenzas entre accidente e enfermidade profesional. |
| ▪ CA 10 Explicáronse, mediante organigramas, as áreas funcionais dunha empresa tipo que teñan relación coa prevención de riscos. |

| |
|---|
| ▪ CA 11 A partir dun proceso de produción tipo, cuns riscos determinados e dun suposto plan de seguridade, describiuse o procedemento de recollida de datos máis idónea respecto o tipo de accidente, incidente ou enfermidade profesional e desenroláronse modelos de documentación para os rexistros necesarios na avaliación de riscos. |
| ▪ CA 12 A partir dunha descrición detallada dunha situación relacionada coa prevención, establecéronse os procedementos normalizados de prevención en todos os aspectos relativos á xestión da prevención. |
| ▪ CA 13 Aplicáronse actuacións e documentación que se requiren na metodoloxía para a recollida de datos referentes á avaliación de riscos, así como aos accidentes, incidentes e enfermidades profesionais. |
| ▪ CA 14 A partir dun suposto proceso de produción de riscos, especificáronse os puntos necesarios e suficientes nunha auditoría interna e identificar as medidas correctoras resultado da auditoría. |
| ▪ CA 15 Informouse sobre as responsabilidades legais derivadas do incumprimento das normas en materia de seguridade e saúde no traballo e en materia de prevención. |

**b) Segunda parte da proba**

**i) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| ▪ RA 1- Interpretar o marco legal vixente en prevención de riscos. |
| ▪ RA 2 - Distinguir os elementos básicos do ámbito da prevención de riscos |
| ▪ RA 3 - Analizar e desenvolver os procesos básicos de produción de bens e servizos, relacionando a súas fases, operación e as materias que interveñen, e desenvolvendo a información que posibilite a prevención de riscos en proceso. |
| ▪ RA 4 - Analizar a estrutura organizativa e funcional da empresa identificando os departamentos internos e os representantes dos traballadores, así como os organismos públicos e entidades, con competencias en prevención de riscos. |
| ▪ RA 5 - Relacionar os factores de risco das condicións de traballo e as técnicas preventivas para a súa mellora, en función das posibles agresións para a seguridade e a saúde, presentes no ámbito laboral. |

| |
|---|
| ▪ RA 6 - Aplicar as actuacións e documentación que se requiren na metodoloxía para a recollida de datos referentes á avaliación de riscos, así como aos accidentes, incidentes e enfermidades profesionais. |
| ▪ RA 7 - Valorar o significado e utilización das auditorías de seguridade e ambientais no contexto da actividade industrial |

**ii) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| ▪ CA 1 Utilizáronse as fontes básicas de información en materia lexislativa nacional e internacional sobre prevención de riscos. |
| ▪ CA 2 Identificáronse os factores de risco derivados das condicións de traballo. |
| ▪ CA 3 Diferenciouse o significado da prevención e da protección no ámbito da prevención de riscos laborais. |
| ▪ CA4 Asociáronse os factores de risco coas técnicas preventivas de actuación. |
| ▪ CA 5 Recoñecéronse as técnicas preventivas para a mellora das condicións de traballo. |
| ▪ CA 5 Describíronse os diferentes órganos de representación na empresa en materia de prevención. |
| ▪ CA 6 Coñecéronse os diferentes órganos e institucións europeas e españolas relacionadas coa prevención. |
| ▪ CA 7 Distinguiuse, en razón de súa causa, os termos de accidente e incidente. |
| ▪ CA 8 Establecéronse as relacións dos danos cos factores de risco debidos a condicións de traballo deficientes. |
| ▪ CA 9 Establecéronse as diferenzas entre accidente e enfermidade profesional. |
| ▪ CA 10 Explicáronse, mediante organigramas, as áreas funcionais dunha empresa tipo que teñan relación coa prevención de riscos. |
| ▪ CA 11 A partir dun proceso de produción tipo, cuns riscos determinados e dun suposto plan de seguridade, describiuse o procedemento de recollida de datos máis idónea respecto o tipo de accidente, incidente ou enfermidade profesional e desenroláronse modelos de documentación para os rexistros necesarios na avaliación de riscos. |

| |
|---|
| ▪ CA 12 A partir dunha descrición detallada dunha situación relacionada coa prevención, establecéronse os procedementos normalizados de prevención en todos os aspectos relativos á xestión da prevención. |
| ▪ CA 13 Aplicáronse actuacións e documentación que se requiren na metodoloxía para a recollida de datos referentes á avaliación de riscos, así como aos accidentes, incidentes e enfermidades profesionais. |
| ▪ CA 14 A partir dun suposto proceso de produción de riscos, especificáronse os puntos necesarios e suficientes nunha auditoría interna e identificar as medidas correctoras resultado da auditoría. |
| ▪ CA 15 Informouse sobre as responsabilidades legais derivadas do incumprimento das normas en materia de seguridade e hixiene no traballo e en materia de prevención. |

**3) Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

- ☑ Utilizar as fontes básicas de información en materia lexislativa nacional e internacional sobre prevención de riscos.
- ☑ Precisar o concepto de saúde dende os puntos de vista médico e prevencionista.
- ☑ Recoñecer situacións de perigo e risco.
- ☑ Identificar os factores de risco derivados das condicións de traballo.
- ☑ Asociar os factores de risco coas técnicas preventivas de actuación.
- ☑ Diferenciar o significado da prevención e da protección no ámbito da prevención de riscos laborais.
- ☑ Recoñecer as técnicas preventivas para a mellora das condicións de traballo.
- ☑ Coñecer a figura do recurso preventivo.
- ☑ Establecer as diferentes formas de coordinación de actividades empresariais en materia de prevención.

- ☑ Describir os diferentes órganos de representación na empresa en materia de prevención.
- ☑ Establecer as diferentes opcións de organización da prevención no ámbito da empresa.
- ☑ Distinguir, en razón de súa causa, os termos de accidente e incidente.
- ☑ Establecer as diferenzas entre accidente e enfermidade profesional.
- ☑ Explicar, mediante organigramas, as áreas funcionais dunha empresa tipo que teñan relación coa prevención de riscos.
- ☑ Recoñecer os elementos adecuados que garanten unha óptima integración da prevención na empresa.
- ☑ Coñecer a importancia das auditorías legais na garantía da implantación dunha adecuada xestión de prevención.
- ☑ A partir dunha descrición detallada dunha situación relacionada coa prevención, establecer o Plan de Prevención que inclúa os procedementos normalizados de prevención en todos os aspectos relativos á xestión da prevención, identificar os danos para a seguridade e a saúde no ámbito laboral e do contorno, establecer as relacións dos danos cos factores de risco debidos a condicións de traballo deficientes e establecer a planificación das actividades preventivas.
- ☑ Informar sobre as responsabilidades legais derivadas do incumprimento das normas en materia de seguridade e hixiene no traballo e en materia de prevención.
- ☑ Coñecer as particularidades concretas da xestión da prevención en determinados sectores profesionais, en concreto, na construción.

**MATERIAL DE REFERENCIA PARA A PREPARACIÓN DO MÓDULO:**

**Marco normativo:**

- ☑ Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- ☑ Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.
- ☑ Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto das Persoas Traballadoras.
- ☑ Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, en materia de coordinación de activi-

dades empresariais.

- ☑ Real Decreto 1299/2006, de 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionias no sistema da Seguridade Social e establécense criterios para a súa notificiación e rexistro.
- ☑ Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.
- ☑ Real Decreto Lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Infracións e Sancións na Orde Social.
- ☑ Real Decreto de 24 de xulo de 1889 polo que se publica o Código Civil.
- ☑ Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal.
- ☑ Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

**Outras referencias bibliográficas**

- ☑ Criterio técnico nº 83/2010 sobre a presenza de recursos preventivos nas empresas, centros e lugares de traballo
- ☑ Notas técnicas e guías técnicas relacionadas coa normativa
- ☑ Manuais de xestión da prevención

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E EXAMES**

O alumnado deberá facer dúas probas escritas:

- ☑ 1º proba teórica
- ☑ 2º proba práctica

Para cualificar estas probas escritas terase en conta o seguinte:

- ☑ Cada proba escrita estará baseada nos contidos teóricos e prácticos atendendo aos criterios de avaliación que establece o currículo.

- ☑ Terá unha duración de 2 sesións.
- ☑ O alumnado deberá coidar a presentación, orde e claridade nas respostas así como a necesidade de empregar con propiedade o vocabulario propio da materia e de evitar erros ortográficos.
- ☑ Nas PREGUNTAS CURTAS valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta; é dicir, contestar ao que se pregunta. A falta de xustificación ou dun exemplo nos casos nos que se pida considerarase como resposta incompleta e baixarase a puntuación.
- ☑ Nas PREGUNTAS DE DESENVOLVEMENTO, ademais de considerar a medida en que se axusta ao contido da resposta ao que se pregunta, a valoración se graduará atendendo á claridade expositiva, a utilización axeitada dos conceptos fundamentais e o emprego do vocabulario específico do módulo. Tamén se valorará positivamente a elaboración dun esquema no que se resuma o contido da resposta.
- ☑ No caso de haber PREGUNTAS TIPO TEST so haberá unha opción correcta e as respostas incorrectas terán unha valoración negativa. Se unha pregunta correcta vale 1 punto, as pregunta incorrectas restarán 0,5 puntos.
- ☑ Na parte práctica haberá CASOS PRÁCTICOS relacionados coa xestión da prevención. Estes terán como solución a aplicación da normativa de referencia.

Durante a realización das probas non se poderán empregar móbiles, tabletas, reloxos intelixentes ou outros dispositivos análogos, debendo estes permanecer apagados ou en modo silencio. Devanditos dispositivos deberán permanecer nun lugar visible pola profesora durante a realización da proba.
Durante a realización das probas a profesora poderá requirir ao alumnado a presentación do DNI o documento análogo de identificación.

A **NOTA FINAL DO MÓDULO** obterase do seguinte xeito:

- ☑ O alumnado ten que obter unha cualificación mínima de 5 puntos en cada proba.
- ☑ Media aritmética da cualificación acadada en cada unha das probas.

## 4) Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba consistirá na realización denominarase EXAME PARTE TEÓRICA e consistirá nunha proba escrita baseada no contido do módulo e se aplicarán os criterios de avaliación indicados.

Na proba da parte teórica poderá haber preguntas curtas, de desenvolvemento ou incluso tipo TEST.

Para a súa confección só se poderá utilizar papel e bolígrafo, sen que estea permitido utilizar no seu lugar teléfonos ou outros dispositivos análogos que deberán permanecer apagados e nun lugar visible para a profesora durante a realización do exame. A profesora poderá requirir ao alumnado que se identifique ao inicio da proba.

O día, hora e lugar desta proba indicarase oportunamente nos taboleiros do IES POLITÉCNICO así como a cualificación obtida.

Para superar a proba o alumnado debe obter unha cualificación mínima de 5 para poder facer a parte práctica.

### 4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba consistirá na realización denominarase EXAME PARTE PRÁCTICA e consistirá nunha proba escrita baseada no contido do módulo e se aplicarán os criterios de avaliación indicados.

Na proba da parte práctica proporanse casos prácticos baseados nunha situación en que o alumnado deberá resolver aplicando a normativa vixente en materia de xestión da prevención.

Para a súa confección só se poderá utilizar papel e bolígrafo e, no seu caso, calculadora simple, sen que estea permitido utilizar no seu lugar teléfonos ou outros dispositivos análogos que deberán permanecer apagados e nun lugar visible para a profesora durante a realización do exame. A profesora poderá requirir ao alumnado que se identifique ao inicio da proba.

O día, hora e lugar desta proba indicarase oportunamente nos taboleiros do IES POLITÉCNICO.

Para superar a proba o alumnado debe obter unha cualificación mínima de 5. A cualificación será publicada no taboleiro do instituto.

Vigo, 1 de maio de 2024



Asdo. Eva Piña Rodríguez